



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MIÑO

Corrección erros materiais nas bases da convocatoria para a cobertura en propiedade dunha praza de educador/a familiar

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de xaneiro de 2025, aprobáronse as bases e convocatoria das probas selectivas para a provisión en propiedade dunha praza vacante reservada a funcionarios de carreira, da escala de Administración Especial, Subescala Técnica, integrada no Grupo A, subgrupo 2, denominación EDUCADOR/A FAMILIAR, incluída na Oferta de Emprego Público Extraordinaria de Estabilización de 2025 do concello de Miño, no marco dos procedementos extraordinarios de estabilización do emprego temporal derivados do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Advertido un erro material existente na parte específica do temario anexo ás bases, procédese á súa rectificación mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de marzo de 2025, quedando corrixido do seguinte xeito:

Primeiro. Rectificar as ditas bases nos seguintes termos:

Onde di:

Tema 7.- Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e a Lei 12/2016, de 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Debe dicir:

Tema 7.- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e a Lei 14/21, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Segundo. Ordenar a publicación desta corrección de erros no Boletín oficial da provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

En Miño, a 12 de marzo de 2025

O alcalde

Asdo./ Manuel Vázquez Faraldo

2025/1607